



Traducido por Yolanda Castaño

## LADRÓNS

Ola. Somos os ladróns dun hotel de provincias.  
Esperamos ata que alguén volve da troula  
ou pode que tamén lle metamos algo na bebida.  
Entón remexémoslle dentro dos petos,  
levámoslle o reloxo e tamén a carteira.  
Sinxelamente os cartos son algo que nos encanta.  
Todo o mundo ten un obxectivo nesta vida.  
Eu quero unha casa grande con paredes que luzan  
enormes posters de Metallica, e el quere un Hummer  
para poder atravesar a gran vía,  
baixando as ventaiñas de todo  
e berrar, “Que vos fodan e que fodan a toda esta puta cidade!”  
O noso volume de negocio, porén, é bastante limitado.  
Quen fai todo este camiño para vir ata aquí? Ninguén agás parelliñas  
e representantes comerciais de firmas de maquillaxe suecas.  
Limpamos os seus petos sen ningún remordemento.  
Mais pódese vivir disto?  
Nós vivimos modestamente: alugamos unha pensión;  
recentemente mercamos unha minicadea Toshiba.

Mais non chega para un coche.  
Polas tardes, polas rúas nevadas,  
baixo os escasos farois, distínguense dúas figuras  
ben abrigadas que se moven. Somos nós de camiño ao choio  
no bar do noso hotel. O dono saca a súa tallada.  
De mutuo acordo, facemos un traballo limpo.  
Nós non esmagamos caras nin partimos costelas. Deixamos  
ós inconscientes nos porches, e non enriba da neve.  
Estámonos preparando para mudarnos á capital.  
Coñecemos xente alí; e ademais, de todos os xeitos, ás veces queres vivir ao grande,  
non sei se me entendes. Se non, quedaremos aquí meténdonos algo na bebida  
e roubándonos os uns aos outros, para non perder a práctica.  
Daquela a “víctima” esperta cunha infernal dor de cabeza,  
e o “rateiro” ten preparada unha compresa fría e un café ben  
cargado. Nós imos tirando. Por suposto,  
non podemos revelar o nome do hotel nin da cidade de provincias.  
Moi probablemente non quedaremos moito tempo.  
Digamos alomenos que non ha ser para sempre.

## Sergej Timofejev

### POETAS NA CORTE D'EL REI SABIO

**“Debería haber tamén unha chea de momentos  
a partir dos cales unha pastilla para a dor de cabeza  
podería disolverse en fino aire”.**

18 de marzo de 2014 · Fundación Vicente Risco

## DÍAS DE ANXOS

Os anxos son uns tipos moi lentos  
que fuman coas mans feitas bucina algunha clase de  
cigarros con sabor a chocolate.

Andan remexendo  
alá arriba no ceo.

As nubes olen a vainilla,  
e todo está tan limpo, seguro e ben coidado,  
coma o almorzo nun avión  
estacionado nun aeroporto  
para toda a eternidade.

De cando en vez ven vellas películas de acción  
e pensan: bueno, nós tamén ben podíamos...

Entón marchan xuntos para algún sitio,  
só unha miguiña cangados.

Chegan alí: é un xardín,  
e eles camiñan por entre as maceiras, collendo  
froitas da árbore da ciencia do ben e  
do mal. E morden. Mastigan. Para eles  
é algo inofensivo, coma calquera outra cousa.

Pasa un día; amence outro.

E volven mirar películas de acción nun televisor  
do tamaño do ceo.

## VELLO MUNDO

Eu asistín ao nacemento do vello mundo,  
erixíronse rúas enteiras de  
casas derrubadas, con ferruxentas  
baixantes, partidas a un par de metros  
do chan, marcos das portas arrincados nas entradas  
e outros armazóns de abandono. Opels e Volkswagens  
tishados de fume, con aboladuras nos capós e  
manchas de óxido ían entrando no país en caravana  
tras caravana. Un vello pobo entraba en masa dende todas partes do  
mundo, traían dende calquera recanto estes anciáns  
innecesarios, tusindo alegremente nas súas  
luvas de punto nas paradas do tranvía.

E a vida conxelábase. O mundo enteiro tirou do freo, a auga  
saía máis lenta das billas, a policía  
perseguía aos ladróns máis amodo, e collían as súas pistolas de vagar  
e apertaban gatillos que se desfacían coma podremia,  
deixando saír por unha última vez a flor ardente dun disparo.  
Unha bala avanzaría voando polo menos por un século, e acabaría conxelándose  
no aire, coma un comprimido botado nun xarope espeso, transparente.  
Ou coma unha pastilla amarela de vitaminas, caducada,  
que roda ata detrás do armario e vai aloxarse entre po, papeliños e nostalxia.

## O NORTE

Sento tranquilamente a comer un vodka  
nun local do norte da cidade.  
Teño o peto cheo de chisqueiros;  
podo prender lume a todo canto queira ou só aquecer a man.  
Ti sentas tamén, ti criatura pálida e adorable;  
acomódaste no fociño quente do destino.  
Nada de chamadas a outras compañías telefónicas,  
esa é a única regra da nosa sociedade.  
E ela sentou tamén, e quedou calada todo o camiño,  
todo o paso dende as seis da tarde ata as once.  
Despois púxenme de pé e dixen grazas polo serán:  
polo tempo, espazo e movemento.

## SETEMBRO

O aparato para tempo en calma está aceso  
a máxima potencia. As árbores  
sostéñense firmes no seu sitio.  
O dispositivo de gato portátil  
pousa sobre a cuberta de herba.  
Todo é moi bo, moi poderoso,  
moi realista.